

EXPTE. 16/2016 - TERRA DE SANXENXO: SERVIZO DO PROGRAMA PAIFILLONAI 2016"


RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO O.A. TERRA DE SANXENXO

Vista a proposta da concelleira de benestar social, educación, normalización lingüística e cultura de data 01/07/2016, que a continuación se transcribe:

"Á vista da proposta desta concellería de incoación do expediente de contratación e de retención do crédito necesario para o financiamento do servizo de referencia, así como de solicitude á mercantil "Praxe e Ocio SL" da documentación precisa para a prestación do servizo, de data 23 de xuño de 2016.

Visto o documento "RC" de retención de crédito de importe 16.605 Euros, para o financiamento do servizo do "Programa Paifillonai 2016", a cargo da aplicación do presuposto separado do Organismo Autónomo "Terra de Sanxenxo" 23104 / 22608, asinado polo Interventor Municipal o 1 de xullo de 2016.

Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requirida á empresa "Praxe e Ocio SL", en data 29 de xuño de 2016 (entrada nº 6882), esta concellería propón:

- 
- 1. Adxudicar a prestación do servizo do "PROGRAMA PAIFILLONAI 2016" á empresa "PRAXE E OCIO SLU", polo importe de DEZASEIS MIL SEISCENTOS CINCO (16.605,00 €) EUROS (IVE xa engadido), e un prazo de duración de DOUS (2) MESES (XULLO E AGOSTO 2016).*
 - 2. Hai que salientar que a oferta presentada pola mercantil é de 16.877,00 euros, porén so se acepta adxudicar o contrato polo importe proposto, correspondente á cantidade retida no orzamento. A diferenza entre a cantidade ofertada e a que se propón adxudicar o contrato ascende a 272,00 euros e corresponde ao importe a pagar por unha usuaria/nena, que de acordo a proposta efectuada por esta concellería en data 21.06.16 de concesión da Axuda de Emerxencia Social, e unha vez tramitado o correspondente expediente desta subvención e concedida a mesma a nena/usuario, o aboamento será efectuado a Praxe & Ocio SL. "*****"*

Esta alcaldía, resolve:

Primeiro: Adxudicar a prestación do servizo do "PROGRAMA PAIFILLONAI 2016" á empresa "PRAXE E OCIO SLU", polo importe de DEZASEIS MIL SEISCENTOS CINCO (16.605,00 €) EUROS (IVE xa engadido), e un prazo de duración de DOUS (2) MESES (XULLO E AGOSTO 2016).

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida do presuposto separado do Organismo Autónomo "Terra de Sanxenxo" 23104 / 22608 por un importe de DEZASEIS MIL SEISCENTOS CINCO (16.605,00 €) EUROS (IVE xa engadido).

Terceiro: Unha vez tramitado o correspondente expediente da subvención e concedida a mesma a nena/usuario, que se reflecte na proposta da concelleira delegada en benestar social de data 21.06.16, procederase ao aboamento da cantidade a que ascende a axuda de 272,00 euros a Praxe & Ocio SL."

Dada en Sanxenxo a un de xullo de dous mil dezaseis.

O presidente

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario de Terra

Ángel Luis López Pita